

NACHO VEGAS

“As cancións  
non serven  
para nada,  
son informes  
sobre o caos”

O músico asturiano volve á nudez dos seus primeiros  
discos con catro cancións sobre ‘El género bobo’





# O que escriben cando non escriben

A revista 'Eñe' reúne a Víctor Coyote, Francisco Nixon, Nacho Canut ou Dee Dee Ramone, entre outros, nun volume de músicos que compoñen fóra das cancións. Coincide nas librerías co novo de Nick Cave e Antonio Luque

## Libros Panorámica


IAGO MARTÍNEZ  
GALICIA

**S**ergio Algora non chegou ao final do disco. Pasoulle como a aquel *ángel Simón* do primeiro disco de Nacho Vegas. A forza de negarse a baixar a cabeza ao pasar por diante, os da funeraria acabaron tomándolle as medidas a traizón. Morreu pronto, antes de tempo, con 39 anos, o pasado 9 de xullo de 2008. Deulle tempo a abrir un local, o Bar Bacharach de Zaragoza, e a montar unha das bandas máis difíciles de clasificar na música española dos noventa, El niño gusano. Deixou oito libros atrás, entre coleccións de poemas, relatos e algunha peza de teatro, pero sobre todo deixou un sinal. Cando desapareceu, moitos recordaron o retrouso dunha das súas cancións, 'En la clínica de la radio y la televisión'. "Mi cabeza es insustituible", decía.


Algora non é o único músico que escribe. Nacho Vegas, por exemplo, ten dous libros e un prólogo, nada menos que para a edición española de *Guía*, do seu respectado Dennis Cooper (Anagrama, 2006). Agora mesmo, de feito, hai dous músicos de librería en librería: Nick Cave, que vén de publicar en Global Rhythm a súa nova novela, *La muerte de Bunny Munro*, e Antonio Luque, quen tras participar no volume colectivo *Matar en Barcelona* publicou hai algunhas semanas, tamén en Alpha Decay, os dous relatos que compoñen o pequeno *Socorrismo*.

De lembrar a morte de Sergio Algora, e todo o que veu antes, encárgase Francisco Nixon, líder de Australian Blonde e compañeiro de ocorrencias de Algora na súa última aventura musical, aquel delirio chamado La Costa Brava dende o que confesaban, ollando para outra parte, que lles encantaban as *pijas* da súa cidade. Nixon, agora en solitario, é outro deses "músicos que escriben", como os chama La Fábrica Editorial no último número da súa revista *Eñe*.

Con este pretexto, o de xuntar algúns deses compositores que tamén compoñen fóra das cancións, a publicación que dirixe Camino Brasa convidou a Nixon e a unha presada de músicos de varias xeracións a compartir papel



De arriba a abaixo, os músicos e escritores Víctor Coyote, Antonio Luque (Señor Chinarro) e o falecido Sergio Algora (El niño gusano, La Costa Brava)



**La muerte de Bunny Munro**  
**Nick Cave**  
GLOBAL RHYTHM, 2009  
240 páxinas  
21 euros



**Socorrismo**  
**Antonio Luque**  
ALPHA DECAY, 2009  
106 páxinas  
8 euros



**Eñe 19**  
**Varios autores**  
LA FÁBRICA, 2009  
120 páxinas  
10 euros

e publicidade, nun volume coidado e puntuado polas ilustracións de Ceesepe, cos escritores Zoé Valdés e Rafael Chirbes.

Mentres Nixon (Xixón, 1971) retrata o seu amigo Sergio Algora en 'Champán para todos', lembrando ao compositor de El niño gusano repartindo copas no seu bar ao berro de "Algora ha muerto, champán para todos", o galego Víctor Coyote (Pontevedra, 1958) recupera outro grande do pop español. En 'Poch nunca se equivocó', un texto exquisito, do mellor do volume, reescribe a morte do líder de Derribos Arias mentres revisa a imaxinería da movida.

Algo semellante fai Germán Coppini (Santander, 1961) con Michael Jackson, pero sen o sentido do humor nin a desapiadada e precisa prosa de Coyote. O que fora fundador de Siniestro Total e Golpes Bajos inventa outro final, lonxe desta galaxia, para o chamado rei do pop, exercicio de homenaxe e memoria sentimental que tamén ensaia Nacho Canut (Valencia, 1957), inseparable compañeiro de aventuras de Alaska, agora tamén en Fangoria. No seu caso, con David Bowie no delirante relato de serie Z que é 'Bowie, Zowie, Angie, yo y las tres reglas de oro'.

Fernando Alfaro (Albacete, 1963), ex Chuchos e Surfin' Bichos, completa o volume a canda Julio de la Rosa (Cádiz, 1972), compositor e cantante de El hombre burbuja, e o falecido Dee Dee Ramone (Virginia, 1952-Los Angeles, 2002), baixista e cofundador dos lendarios Ramones. E para pechar, Antonio Luque, mestre de letrista e icona do *indie* convertida en cantautor.

Estes 'Episodios provinciales' de Luque que publica La Fábrica na revista *Eñe* coinciden nas librerías co novo do líder de Señor Chinarro. Titúlase *Socorrismo*, dous relatos publicados por Alpha Decay que non han decepcionar a ninguén que teña na súa casa unha copia de *El porqué de mis peinados* (1997) ou *Nosé qué nosé cuántos* (1998).

En realidade, tampouco os que se arrimasen ao sevilano nos seus últimos traballos, máis accesíbeis, se van deixar sorprender polo alambique narrativo de Luque en 'La mina' e 'Socorrismo'. Se o de Sergio Algora en El niño gusano, como se fartou de repetir, non era surrealismo, o de Antonio Luque tamén. ■

### Cando un músico publica un relato, din que escribe. Non o fai acaso coas cancións?

É curioso. Linlle unha vez a Stephen Merrit, o cantante de The Magnetic Fields, quen sempre reivindicou o oficio de escribir cancións, que ninguén o considera un traballo. A xente imaxina un escritor tecleando nun ordenador, por exemplo, pero é incapaz de imaxinar un escritor de cancións escribíndoas. A min, dende logo, lévame moito tempo. Non quero dicir con isto que sexan mellores, cada un ten o seu método, senón que son moi maniático, que corríxo moito. Ao final, son dúas linguaxes diferentes, nada máis. Cando un escribe cancións quere que a letra e a música se fundan. Cando escribe un relato, non.

### É menos literatura que a outra?

Son linguaxes diferentes, e un mesmo sabe cando ese texto pode vivir nun libro ou cando debe vivir nunha canción. O importante sempre é o ritmo, o pulso interno, e ese pulso á letra dunha canción dállo a música, mentres que na narrativa ou na poesía ten que estar de seu no texto. Ás veces as dúas cousas conflúen. Cando leo os libros de Leonard Cohen, por exemplo esta antoloxía que saíu hai pouco, na que saen cancións e poemas, ves perfectamente a diferenza. Un detecta decontado onde están os poemas e onde están as cancións, aínda que as veces un poema poida volverse canción se ten un esquema estrófico moi claro. Son dúas linguaxes diferentes que se poden retroalimentar, pero un sempre sabe cando ten sentido levalo ao papel e cando non. ■